

PLAN DE ACOLLIDA
CPR FESAN 2021 – 2022

ÍNDICE

1. Normas de organización e funcionamento do centro

1.1. Entradas – saídas e fluxos de movementos

1.2. Agrupacións

1.3. Titorías coas familias

1.4. Uso de máscara no centro

1.5. Normas de uso das aulas

1.6. Aforos

1.7. Aseos

1.8. Recreos

2. Actuacións de prevención, hixiene e protección

2.1. Medidas xerais de protección individual recollidas no plan de adaptación

3. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

4. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión

1. Normas de organización e funcionamento do centro

Seguindo o Plan de Adaptación do CPR FESAN achégase a seguinte organización e instrucións para toda a Comunidade Educativa

1.1. Entradas, saídas e fluxos de movementos

Antes de acudir ao centro a alumno deberá realizar a Enquisa de Autoavaliación da COVID-19 entregada o primeiro día de clase xa que é de **obrigado cumprimento** para todo o alumnado e persoal educativo

- **Entradas:** (o centro está aberto dende ás 08:00 horas)

Un gran porcentaxe do alumnado chega o centro no transporte urbano, polo que a chegada se produce de forma simultánea para toda a Formación Profesional.

Para unha maior seguridade nos desprazamentos de entrada cara as aulas seguirase a seguinte organización:

- Unha vez que o alumnado (transportado no urbano ou con transporte individual) accederá ao centro seguindo a orde de chegada e de maneira escalonada gardando entre si a distancia indicada de 1.5 metros e coa máscara posta.
- O alumnado accederá directamente a súa aula unha vez acceda ao centro.

- **Saídas:**

Establécese que as saídas tamén serán en horarios diferenciados, os docentes estarán sempre pendentes para asegurar unha saída sen riscos.

Quince minutos antes do horario de saída irán realizándoa de maneira escalonada iniciando na aula 1 e finalizando pola aula 9, sempre gardando a distancia entre eles.

- **Fluxos de movementos:**

Todo o persoal e alumnado do centro circulará sempre pola dereita para acceder á aula. Todos os alumnos terán unha aula de referencia e só se desprazarán cara elas en todo momento.

De igual xeito, todos os alumnos/as que teñan a súa aula de referencia na planta 1ª, achegaranse a ela polo carril de circulación da dereita.

1.2. Agrupacións

O alumnado permanecerá sempre co mesmo grupo, o correspondente a súa aula. Estes grupos estables evitarán a interacción con outros grupos do centro educativo, limitando así o número de contactos.

GRUPO ESTABLE	Nº ALUMNOS	Nº AULA*
PLANTA BAIXA		
1º CS Educación infantil	30	1 (quenda maña)
1º CS Laboratorio clínico e biomédico	20	3 (quenda maña)
1º CS Anatomía patolóxica e citodiagnóstico	20	3 (quenda tarde)
1º CS Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear	20	4 (quenda maña)
1º PLANTA		
1º CM Coidados auxiliares de enfermería	20	5 (quenda maña)
2º CS Laboratorio clínico e biomédico	20	7 (quenda maña)
2º CS Anatomía patolóxica e citodiagnóstico	20	7 (quenda tarde)
2º CS Educación infantil	30	8 (quenda maña)
2º CS Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear	20	9 (quenda maña)

* Para unha maior organización da parte teórica e práctica poderanse modificar as aulas nas que impartir cada curso, alternándose por días ou semanas, sempre cunha organización previa tanto para a ubicación dos alumnos/as como para a limpeza das mesmas.

- Para cubrir as ausencias do profesorado nos grupos estables NON se recorrerá a unir grupos, sempre se cubrirán preferentemente con profesorado que imparta docencia nese grupo
- O alumnado e profesorado terán que usar a máscara de forma obrigatoria dentro da aula e nos espazos polo centro (no tempo de lecer, para ir ao baño, na saída e entrada do centro...)
- Os alumnos/as de cada grupo sentaranse sempre na mesma mesa. Non poderán estar en ningún momento noutra mesa que non sexa a que lles corresponde.
- Os grupos estables de convivencia terán como único espazo para as actividades lectivas a aula asignada con antelación suficiente para saber dirixirse en todo momento a mesma cada día.

1.3. Tutorías coas familias

- As tutorías coas familias realizaranse tras solicitude previa por parte das mesmas. As familias que o desexen deberán solicitar unha cita previa ao titor/a. O medio para solicitar a tutoría poderá ser por mail ao correo do centro (cprfesan@fesan.org), por teléfono (981 52 24 26), ou mediante nota escrita enviada polo alumno/a.
- As tutorías coas familias terán lugar preferentemente por vía telefónica, mail ou de ser o caso por videoconferencia.
- No caso de que tivera que levarse a cabo algunha tutoría presencial realizarase na aula destinada a tal fin, a cal permite manter a distancia mínima e conta con xel hidroalcohólico e demais kit hixiénico. A tutoría será individual e tanto familiar como profesorado farán uso da máscara en todo momento. Antes da entrada ao centro deberá realizar o mesmo protocolo que o alumnado (desinfección de mans)

1.4. Uso de máscara no centro

O uso da máscara no centro adecuarase á normativa existente recollida no protocolo da Consellería de Sanidade (resolución do 17 de xullo de 2020), non deberá estar provista de válvula exhalatoria e deberá darse un uso axeitado da mesma, é dicir, esta deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído.

USARASE SEMPRE SEN EXCEPCIÓN:

- Desprazamento polo centro, de forma individual ou en grupo
- Nos desprazamentos aos aseos durante as actividades lectivas
- Na entrada e saída do centro
- Nos recreos
- Nas reunións
- Durante as clases

PARA ACCEDER AO CENTRO TODA PERSOA TERÁ QUE LEVAR MÁSCARA

1.5. Normas de uso das aulas

- Cada alumno/a terá o seu material diferenciado na súa mesa nun estoxo no que garde o seu material de forma diferenciada
- Non se compartirá ningún material sen a previa desinfección do mesmo
- Nos grupos que se faga uso do encerado cada alumno/a contará entre o seu material individual con rotulador propio ou o compartido desinfectarase correctamente
- Cada alumno/a usará a súa cadeira para colocar a súa roupa.
- Os alumnos/as que teñan bata de laboratorio... deberán tela sempre na súa mochila mentres non se utilice.
- No caso de que a aula sexa usada por máis dun grupo, o alumnado deberá desinfectar (con desinfectante e pano desbotable) a mesa e a cadeira que usaron antes de abandonar a aula. Ademáis dita aula será ventilada durante 5 – 10 minutos
- As ventás, persianas, cortinas, pomos... de cada aula deberá ser manipulado exclusivamente polo profesorado para diminuír riscos de contaxio
- Cando o alumno/a faga uso dunha aula ou espazo deberá desinfectar as mans á entrada e saída da mesma. Nos espazos usados por varios grupos o material de uso común debe desinfectarse antes e despois
- O profesorado debe realizar a hixiene de mans e desinfección de material común na sala de docentes así como manter a distancia de seguridade.

1.6. Aforos

- O aforo para cada aula ven delimitado polo número de alumnos/as matriculado

- A limitación de aforo para os aseos será a 1 usuario
- Aforo para a administración: ningún alumno/a poderá acceder a ela sen que previamente lle dean permiso. Cando un alumno/a queira acceder debe permanecer detrás da liña indicada no chan e esperar a ser atendido. De existir algún outro alumno/a xa en espera debe situarse a 1,5 metros do último da fila e esperar a súa quenda

1.7. Aseos

- Deberase facer uso dos baños ubicados no andar correspondente a aula asignada, de maneira SEMPRE individual, facendo unha correcta hixiene de mans despois do seu uso.
- Non se poderá ir ao baño ao finalizar o recreo, para non crear riscos innecesarios, retornarase ao aula e o docente establecerá quendas
- Nos desprazamentos deberase facer sempre uso da máscara

1.8. Recreos

As quendas de recreo serán as seguintes:

- Horario de mañá: 11:00 a 11:20 horas
- Horario de tarde: 17:30 a 17:50 horas
 - Cando as condicións meteorolóxicas o permitan o recreo realizarase no exterior do centro, mantendo no mesmo a distancia de seguridade.
 - Cando se permaneza na aula durante o recreo, esta deberá ser ventilada frecuentemente, terase a máscara e a distancia de seguridade en todo momento.
 - No caso de tomar merenda, esta deberá tomarse na aula coas medidas de hixiene de mans, distancia de seguridade e desinfección de superficies (solo se poderá quitar a máscara nos momentos da inxesta)

2. Actuacións de prevención, hixiene e protección

- **Creación Equipo COVID** que actuará como referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias en relación as funcións recollidas no Plan de Adaptación á situación Covid 19 no curso 2021/2022
- Determinación do **espazo de illamento COVID**: aquelas persoas nas que se detecten síntomas serán illadas na Aula de Mediación situada no 1º andar mentres non se xestiona o seu traslado. O alumnado estará acompañado sempre por un dos docentes ou por unha das persoas do Equipo COVID. Abrirase a ventá deste espazo mentres a persoa estea neste lugar, que contará con:
 - Máscara cirúrxica
 - Cubo para o lixo con pedal, tapa e bolsa de plástico
 - Solución hidroalcohólica
 - Panos desbotables
 - Botiquín e termómetro

Este espazo foi seleccionado por non ter uso ao longo da xornada, a actividade diaria pode realizarse con total normalidade sen o seu uso.

- No caso de ser necesario illar a unha persoa, o equipo COVID avisará a persoal de apoio á limpeza para que extreme as medidas preventivas e de desinfección.
- Antes da súa desinfección sinalizárase a prohibición do paso a ese espazo mediante un cartel visible a todo o persoal do centro e deixarase con ventilación constante.

2.1. Medidas xerais de protección individual recollidas no Plan de Adaptación

- Os docentes serán responsables de dar a coñecer as actuacións do Plan.
- O primeiro día explicarase en profundidade e durante as primeiras semanas do curso traballarase a adquisición das seguintes rutinas:
 - Evitar tocarse ollos, nariz e boca
 - Hixiene de mans (seguinto as instrucións correctas)
 - Tapar a boca cun pano desbotable ao tusir ou esbirrar que se desbotará nun cubo do lixo con tapa. Se non é posible tusir contra a flexura do cóbado. E incidir na limpeza de mans posterior
 - Manter a distancia física
 - Non compartir o material propio

- O uso da **máscara será obrigatorio** con independencia do mantemento da distancia interpersonal, durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro.
- Será **obriga do alumnado levar cando menos unha segunda máscara** de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario.
- En canto ao uso de material de uso compartido **CADA USUARIO** desinfectará despois do seu uso as superficies e usará xel hidroalcohólico de mans para o seu manexo.
- O profesor desinfectará o ordenador, teclado, mesa, cadeira... da aula que use unha vez rematada a clase para deixalo listo para o seguinte profesor. E usará xel hidroalcohólico de mans para o seu manexo
- Sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan as xanelas estarán abertas o maior tempo posible
- Cada aula contará cunha folla rexistro na que ir anotando as ventilacións realizadas ao longo da xornada que irá asinada polo profesorado responsable do grupo en cada momento.

3. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

Todo o profesorado do centro ten unha formación, como mínimo, básica que lle permite empregar as aulas virtuais.

O equipo docente formarase nas actividades que se estimen necesarias na Covid 19, así como en aqueles aspectos de aulas virtuais e sorportes dixitais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.

Durante as primeiras semanas do curso cada profesor/a familiarizarse co funcionamento da súa aula virtual ao alumnado, integrando na mesma a cada alumno/a no módulo a traballar, explicándolle o funcionamento da mesma no caso de desenvolver as clases en modalidade non presencial.

4. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión

Segundo o informe da UNESCO “Promoción del bienestar socioemocional de los niños y jóvenes durante la crisis” (2020), a pandemia do COVID 19 causou un forte impacto psicolóxico na comunidade educativa e na sociedade en xeral.

O cerre dos centros educativos, a necesidade de distanciamento físico, a perda do traballo e dos seres queridos e a privación dos métodos de aprendizaxe convencionais xeraron estrés, presión e ansiedade, especialmente entre docentes e alumnado e as súas familias.

Ademais, si en situacións normais o comezo de curso é un momento sensible e importante, o impacto da situación extraordinaria provocada polo Covid 19 vai incrementar a necesidade de traballar no inicio del curso 2020-21 os aspectos socio-emocionais do alumnado e a posta en marcha de dinámicas de cohesión grupal que permirtan o seu correcto desenvolvemento, sen perder de vista a importancia de outros ámbitos de aprendizaxe esta tamén é unha medida prioritaria a desenvolver: coñecer e compartir as vivencias e experiencias do noso alumnado, as súas emocións e sentimentos tanto positivos coma negativos, así como comprender as estratexias que desenvolveron para afrontar os acontecementos dos últimos meses e o nivel de impacto na súa situación de benestar actual.

Isto permitirá levar a cabo unha intervención educativa axustada a cada unha das realidades nas que se atopan. Será fundamental, por tanto, que nesta fase de acollida se acumulen forzas e se invista tempo de calidade no coñecemento e mellora do benestar socio-emocional de todo o alumnado e da comunidade educativa en xeral.

Por outro lado, a pandemia e a situación de emerxencia sanitaria supuxeron novas aprendizaxes, tanto no ámbito persoal como colectivo, nos sistemas que organizan as nosas vidas e nos modos de relación tanto no ámbito social como educativo. Temos a oportunidade de recoñecer e poñer en valor as situacións vividas, para permitir que o noso alumnado as transforme en aprendizaxes positivos, en aprendizaxes para a vida. Por iso é importante partir desas experiencias e vivencias derivadas da situación de alarma, identificar sentimentos e emocións que contribúan a reconstrución socio-afectiva.

5. Visto e prace do Director do centro e da Secretaria

Como confirmación do anteriormente escrito, asíñase o presente documento en Santiago de Compostela en setembro de 2021.

Vº e prace

A Directora

A secretaria

Fdo. María D. Fernández Díaz

Fdo. Eva Echeverri Díaz



981 52 24 26



cprfesan@fesan.org

www.fesan.org



R/ Amio 114

Polígono Costa Vella 15707



Santiago de Compostela



FESAN
FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA